



Razón, silencio e Política: da sociedade líquida do *homo videns* á comunidade institucional do *homo cogitans*

Serxio María Rodríguez Álvarez

O pasado 18 de febreiro os galegos e as galegas elixiron os seus representantes no Parlamento de Galicia, explicito a institución porque a campaña que aínda temos na recente acordanza pareceu esquecer precisamente as institucións. Vimos dunha campaña na que se falou como en case todas, pouco e moito. Falouse de case todo, pero proporcionalmente falouse pouco de política. Se era Aristóteles quen nos determinaba como *zoom politikon*, é dicir animais políticos, somos moitos os que progresivamente observamos unha alarmante e preocupante despolitización da vida pública. Vimos unha campaña electoral determinada pola centralidade dos argumentos *ad hominem*, os contendentes parecían estar ensarillados nunha batalla por esaxerar as crises do outro, semellaba que o importante era contar con adhesións, votos, avais persoais que empoderasen a uns sobre os outros. Os temas da contenda política non foron desta vez a nosa axenda política, os problemas do noso pobo, o benestar da nosa sociedade, a vertebración e cohesión social da nosa xente, o fortalecemento dos vínculos que nos unen e nos fan ser unha comunidade, en conclusión, o ben común. Esta campaña electoral ollou máis para fóra que para dentro, foi máis unha campaña de sensacións, de emocións e de baixos instintos que de ideas, pero, ollo!, non nos fagamos exclusivistas, particularistas ou arredistas do noso ser, Galicia nisto non é cousa distinta. A crise das ideas vén asociada á crise dos valores das nosas sociedades. Somos sociedades, as contemporáneas, que decidimos substituír o logos, o poder da razón pola imaxe, nos tempos do *homo videns*, inferimos conclusións tamén no plano político como soubo